

A Devesa do Rei no Maruxento



A DEVESA DO REI NO MARUXENTO



Tratase dun anaco da nosa historia, a de Galicia a de España e a do mundo inteiro.

Neste anaco de terra, Os nosos devanceiras, plantaron carballos, con eles se construíron os barcos, escollendo como se ve na foto as pezas a medida que se precisaban para a súa construción.

Estes barcos levaron a primeira globalización polo mundo inteiro. Pouco queda daquel tempo, un anaco de terra de o redor de 2 Ha infestadas na actualidade pirófitos eucaliptos. Como testemuña de aquel tempo temos un marco no que se aprecia a marca do Rei unha R cunha cruz na parte superior, como corresponde as súas católicas maxestades.



A DEVESA DO REI NO MARUXENTO



[PULSAR para ir a Ubicación](#)



A DEVESA DO REI NO MARUXENTO



Fai algún tempo o veciño de Matamá Marcos Alonso Rodríguez puxo en coñecemento público o achado na zona do Maruxento dun marco cunha R gravada nunha das súas caras, o cal se correspondía coa demarcación dunha Devesa Real, das que proliferaron principalmente no século XVIII por toda a xeografía galega.

Este monumento, aínda a pesar da súa modestia, fai referencia a unha época de absoluto predominio da economía agrícola, onde as relacións sociais estaban plenamente condicionadas polas estruturas rurais de acceso á propiedade, e na que a terra non tiña un valor especulativo, se non de mercado en función da súa produtividade.

Este breve estudo pretende repasar o que foron aquelas Devesas Reais ó longo dos séculos XVII ata o finais do XIX cando desaparecen, pero enmarcadas no seu contexto agrario, económico, social e histórico.

Consulte o artigo completo Devesas Reais por Xulio Fernández Pintos, a continuación.

[PULSAR para ir a Artigo](#)



A xunta reitora: solicitavos o máximo respecto y coidado do monte comunal



¡Precisamos a vosa axuda. Colabora con nos.

#PLANTEMOSUNBOSQUE!

Apúntate 688914370

Unha aperta:

